

“BASES QUE REXERÁN O CONCURSO DE COMPARSAS PARTICIPANTES NO PASARRÚAS E GALA DO ENTROIDO 2018 NO CONCELLO DE FERROL

1. O Concello de Ferrol realizará o Entroido o **luns día 12/02/2018** no centro da cidade. As actividades previstas serán as seguintes :

- ◆ Desfile de comparsas con saída dende a **Praza de España. Hora aproximada 18:00 horas.**
- ◆ Gala do Entroido. Festival no que as comparsas desenvolverán a súa capacidade creativa nun escenario na **Praza de Amboaxe. Hora aproximada 19:30 horas.**

Co obxecto de promover unha das festas tradicionais máis celebradas no noso Concello e recuperar unha das prácticas máis populares destas datas, o Concello de Ferrol convoca un concurso de Comparsas e un pasarrúas.

2.As comparsas inscritas no concurso participaran no desfile e na gala do Entroido, (un máximo de 15 comparsas), previa presentación da folla de inscrición (Anexo I ou Anexo II) no rexistro xeral do Concello en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres.

Tamén se poderán inscribir grupos para simplemente participar no desfile (un máximo de 5 grupos), previa presentación da folla de inscrición (Anexo I ou Anexo II) no rexistro xeral do Concello en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres.

O prazo de inscrición será de dez días naturais dende o día seguinte á publicación destas bases no BOP. O criterio de admisión será mediante rigorosa orde de entrada no Rexistro Xeral Municipal da solicitude de participación (Anexo I ou Anexo II), tendo preferencia as comparsas que pertencen ao Concello de Ferrol (primará este criterio sobre o anterior).

A organización reservarase o dereito á cancelación do evento no suposto de que non se acade o número mínimo de 8 comparsas participantes.

3. As comparsas participantes terán ós seguintes premios en metálico e diploma:

1º Premio	630 euros
2º Premio	620 euros
3º Premio	610 euros

O resto de comparsas participantes percibirán 600 euros cada unha. O pago realizarase mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado na folla de inscrición e no documento “designación de conta bancaria”, sempre e cando cumpran cos requisitos establecidos.

Os grupos que se inscriban para participar no pasarrúas percibirán 250 euros cada un. O pago realizarase mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado na folla de inscrición e no documento “designación de conta bancaria”, sempre e cando cumpran cos requisitos establecidos.

4. Consideraranse como **comparsas** o grupo de persoas integrado por un número igual ou superior a 16 compoñentes **debidamente disfrazados e gardando unha unidade temática** na súa vestimenta e actuación. A simple uniformidade dos seus compoñentes non será considerado como “disfraz”, quedando nas mans da organización deste evento a exclusión daquelas agrupacións que non cumpran estas normas. Os grupos que se inscriban para participar no pasarrúas deberán estar integrados por un mínimo de 8 persoas.

5. Todas as comparsas e grupos deberán estar **disfrazadas axeitadamente** e preparadas para a súa participación, tanto no desfile coma no festival, así como á disposición da organización deste evento nos horarios fixados por esta.

Tanto a orde de saída no desfile así como a orde de actuación establecerase a través dun **sorteo público previo ao evento. A data, hora e lugar deste sorteo publicárase na páxina web do Concello de Ferrol.**

6. Cada comparsa deberá interpretar ante o público nas instalacións destinadas ao evento as súas cancións, que terán unha **duración máxima de 10 minutos**. As **letras** serán en **galego** e cada comparsa entregará no Concello (Negociado de Cultura-Festas) copia das cancións ou do guión das parodias a interpretar .

7. As comparsas poderán distribuír as letras das súas cancións entre os asistentes ao festival. Dado

o carácter humorístico desta festa tradicional, o Concello de Ferrol non asumirá responsabilidade algunha acerca das letras, interpretacións e disfraces das comparsas participantes.

8. As comparsas e grupos participarán no desfile e na gala realizada e permanecerán nas rúas da cidade ambientando a zona, ata as 23:00 horas da noite do martes de Entroido, ou ben ata que remate o festival no caso de que este se alongue máis aló desta hora, segundo o establecido pola organización do evento.

9. A inscrición implica o total coñecemento das bases do concurso. O incumprimento dalgunha delas supón a descualificación e baixa do concurso.

10. O xurado terá en conta a orixinalidade, que deberán ter unha temática común en base a unha representación ou unha actuación musical. Valorarase a complexidade e dificultade na elaboración dos traxes, a vistosidade dos mesmos tanto en movemento como parado, a complexidade e orixinalidade do conxunto que deba ir en concordancia co tema que se pretende mostrar.

11. O xurado estará composto por un membro ou representante de cada unha das comparsas e un representante do Concello que levantará acta ao remate do concurso.

12. O xurado terá potestade para resolver calquera dúbida que poida xurdir no desenvolvemento do concurso. A decisión do xurado será inapelable.

13. As presentes Bases serán publicadas no BOP e na páxina web do Concello así como os Anexos I e II (solicitude de participación)."

Ferrol, 02 de xaneiro de 2018,

O Concelleiro delegado de Cultura e Educacion, Universidade, Deportes, Turismo e Festas,

Jesús Basterrechea López

FOLLA DE INSCRICIÓN NO CONCURSO DE COMPARSAS E NO PASARRÚAS

Desexo inscribirme no concurso de comparsas do Pasarúas-Gala do Entroido 2018

Datos do/a representante:

Nome e apelidos: _____

NIF/ CIF: _____ Enderezo: _____

Concello: _____

Teléfono: _____ Enderezo electrónico: _____

Características da comparsa participante:

Nome da comparsa: _____

Tema do disfrace: _____

Número de compoñentes: _____ Lugar de procedencia: _____

Títulos das cancións ou parodias a interpretar:

O/a que asina é coñecedor e acepta as Bases que rexen este concurso de Comparsas do Concello de Ferrol

Ferrol, dede 2018.

Esta inscrición irá acompañada do ANEXO I ou do ANEXO II, segundo corresponda.

FOLLA DE INSCRIPCIÓN PARA A PARTICIPACIÓN DE GRUPOS

Desexo participar no Pasarúas-Gala do Entroido 2018

Datos do/a representante:

Nome e apelidos: _____

NIF/ CIF: _____ Enderezo: _____

Concello: _____

Teléfono: _____ Enderezo electrónico: _____

Características do grupo participante:

Nome do grupo: _____

Tema do disfrace: _____

Número de compoñentes: _____ Lugar de procedencia: _____

O/a que asina é coñecedor e acepta as Bases que rexen este concurso de Comparsas do Concello de Ferrol

Ferrol, dede 2018.

Esta inscrición irá acompañada do ANEXO I ou do ANEXO II, segundo corresponda.

6. **É obrigatorio o** Certificado da conta bancaria habilitada para aquelas **comparsas** que están **constituídas como entidade ou asociación** para o ingreso correspondente.

Ferrol,..... de de 2018

Sinatura

Don/dona _____

Representante habilitado/a da comparsa _____

Ferrol,.....de de 2018

Sinatura,

Don/dona _____

Representante habilitado/a da comparsa _____